

TI ELIXES! XOAP 2026

III XORNADA

DE ORIENTACIÓN

ARTÍSTICA E PROFESIONAL

A Coruña

23, 24, 25 de febreiro e 2 de marzo de 2026

Se estás cursando ESO, bacharelato ou FP e desexas coñecer os ciclos formativos artísticos e de FP que se imparten na cidade da Coruña, así como os estudos superiores de deseño esta é a túa oportunidade: participando nas Xornadas de Orientación Artística e Profesional (XOAP).

Nestes intres os estudos de FP e ensinanza artística están en proceso de cambio cara a unha nova configuración, especialmente das prácticas do alumnado, tanto nos centros de estudos coma nos centros de traballo.

Nestas XOAP tentaremos responder a moitas preguntas: Que é unha familia profesional e un ciclo formativo? Como é o sistema de acceso aos graos medio e superior? Cales son os módulos, os contidos e as saídas profesionais de cada ciclo? Que tipo de prácticas vanse facer nos centros educativos e cales nas empresas? Que é a FP básica? Que é o réxime xeral e o réxime modular? Que é a FP dual intensiva? A modalidade semipresencial? E os cursos de especialización?... Que ensinanza artística podo realizar? Que son os estudos superiores de deseño e o seu acceso e saídas profesionais?...

En que consisten as XOAP?

En coñecer de primeira man os estudos artísticos e de FP nos centros onde se imparten, a través de:



Visitas guiadas ás instalacións de cada un dos ciclos de FP e das ensinanza artísticas, complementadas con charlas informativas.



Presentación dos estudos superiores de deseño que se poden cursar en Galicia; e visita á EASD Pablo Picasso.



Charla sobre a FP básica, dos ciclos que se imparten en 4 centros públicos de FP da cidade: CIFP Paseo das Pontes, CIFP Somoza, IES Fernando Wirtz, IES Rosalía Mera e IES Urbano Lugrís.

Ademais, recibirás por correo electrónico a **guía TI ELIXES 2026**, con información actualizada de estudos, bolsas e axudas de Educación Secundaria, Formación Profesional, Estudos Superiores e Universitarios, así como recursos na procura de emprego xuvenil.

Que tes que levar para acceder as visitas e charlas?

Ademais de interese e curiosidade, é imprescindible que presentes a **CREDENCIAL** correspondente de cada unha das visitas e das charlas, que che foi enviada ao teu correo electrónico no momento da inscrición.

No caso de que perderas a credencial ou esqueceras inscribirte, poderás asistir ás visitas e charlas unha vez que accedan as persoas con credencial, sempre que haxa prazas libres.

Persoal da organización fará o control de entrada e poderá solicitar che que acredites a túa identidade cun documento oficial.

Nos caso de precisar un xustificante de asistencia, deberás dar os teus datos ao dito persoal, para que o Servizo de Municipal de Educación remítachos por correo electrónico.

Colaboran:

OS CENTROS PÚBLICOS DE FP DA CIDADE DA CORUÑA

- CIFP Ánxel Casal
- CIFP Imaxe e Son
- CIFP Paseo das Pontes
- CIFP Somoza
- IES Agra do Orzán
- IES A Sardiñeira
- IES Fernando Wirtz Suárez
- IES Eusebio da Guarda
- IES Ramón Menéndez Pidal
- IES Rosalía Mera
- IES Urbano Lugrís

AS ESCOLAS DE ARTES E SUPERIORES DE DESEÑO

- Pablo Picasso (A Coruña)
- Mestre Mateo (Santiago de Compostela)

Cando e onde?

Ciclos formativos. Visitas aos centros públicos de FP e a EASD Pablo Picasso

Segundo o calendario que aparece neste folleto.

23, 24, 25 de febreiro

Estudos Superiores de Deseño en Galicia

Na EASD Pablo Picasso (r/ Os Pelamios, 2).

O mércores 25 de febreiro · ás 17.30h

Charla sobre os ciclos de FP básica

Esta charla, ademais de estar dirixida ao alumnado da ESO, tamén está aberta ás ANPAs e ao público interesado

No Auditorio do Fórum Metropolitano (r/ Río Monelos, 1).

O luns 2 de marzo · ás 18.00h

Como podes participar?

Le atentamente a listaxe dos ciclos e as charlas que aparecen a continuación, selecciona os que che interesan e verifica que os solicitados teñan un horario compatible para asistir a todos eles.



Inscríbete en liña, a través da **FICHA DE INSCRIPCIÓN XOAP 2026** na web www.coruna.gal/educacion.

NO FORMULARIO INDICARÁS:

- ✓ O centro educativo no que estás matriculada/o,
- ✓ As visitas aos ciclos (CM ou CS, ciclos medios ou ciclos superiores, respectivamente) ou as charlas ás que queres acudir (identificadas cun **CÓDIGO NUMÉRICO**).
- ✓ Así como os teus datos persoais (pon especial coidado que o correo electrónico estea en minúsculas).

Unha vez feita a solicitude a aplicación elabora un pdf confirmando a túa inscrición, onde se incorpora a **CREDENCIAL DE ACCESO** ás Xornadas. Este pdf, de confirmación e credenciais, envíase ao correo electrónico indicado no formulario.

Para resolver dúbidas e problemas sobre o proceso de inscrición en liña podes escribir a:

gestionim@edu.coruna.es

Cando te podes inscribir?

→ **Do 19 de xaneiro ao 6 de febreiro as 14:00h.**
Se estás matriculado/a en centros da cidade.

→ **Do 26 de xaneiro ao 6 de febreiro as 14:00h.**
Se estás matriculada/o en centros de fóra da cidade, se non estás matriculado nalgún centro ou es unha persoa adulta.

ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO

Charla informativa sobre o seu sistema de acceso, o seu contido e as súas saídas profesionais; e visita guiada ás instalacións da EASD Pablo Picasso.

Mércores 25 de febreiro

EASD PABLO PICASSO 17:30 H.

36 CHARLA SOBRE ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO

Deseño de interiores
e Deseño gráfico (A Coruña)

Deseño de produtos
(Santiago de Compostela)

Deseño de moda
(Santiago de Compostela)



Concello da Coruña

CICLOS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ESTUDOS ARTÍSTICOS

Visitas guiadas ás instalacións, con charlas informativas sobre o seu sistema de acceso, o seu contido e as súas saídas profesionais.

Luns 23 de febreiro

Martes 24 de febreiro

Mércores 25 de febreiro

CIFP PASEO DAS PONTES 16:00H.

- 1 CM Panadería, repostaría e confeitaría
CM Elaboración de produtos alimentarios
CS Procesos e calidade na industria alimentaria

CIFP PASEO DAS PONTES 17:00H.

- 2 CM Servizos en restauración
CS Dirección de servizos de restauración
CS Xestión aloxamentos turísticos

CIFP PASEO DAS PONTES 18:00H.

- 3 CM Cociña e gastronomía
CS Dirección de cociña

IES ROSALÍA MERA 16:30H.

- 4 CM Impresión gráfica
CM Preimpresión dixital
CS Deseño e xestión da produción gráfica
- 5 CM Instalacións eléctricas e automáticas
- 6 CS Mecatrónica Industrial
- 7 CM Mecanizado
CM Soldadura e caldeiraría
- 8 CM Instalación e amoblamento

CIFP SOMESO 16:30H.

- 9 CS Proxectos de edificación
CS Proxectos de obra civil
CS Organización e control de obras de construción
- 10 CM Mecanizado
CM Soldadura e caldeiraría
CS Construcións metálicas
CS Programación da produción en fabricación mecánica
- 11 CM Electromecánica de vehículos automóbiles
CM Carrozaría
CS Automoción
- 12 CM Carpintaría e moble
CS Deseño e amoblamento
CM Instalación e amoblamento
- 13 CM Peiteado e cosmética capilar
CM Estética e beleza
CS Estética integral e benestar
CS Estilismo e dirección de peiteadot

CIFP PASEO DAS PONTES 16:00H.

- 14 CS Axencia de viaxes e xestión de eventos
CS Guía, información e asistencia turística

IES FERNANDO WIRTZ 16:30H.

- 15 CM Sistemas microinformáticos e redes
CS Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma
CS Administración de sistemas informáticos en rede
CS Desenvolvemento de aplicacións web
- 16 CS Administración e finanzas
CS Asistencia á dirección
CM Xestión administrativa

IES SARDIÑEIRA 16:30H.

- 17 CM Operacións de laboratorio
CS Laboratorio de análise e control calidade
CS Química industrial

IES AGRA DO ORZÁN 16:30H.

- 18 CS Ensinanza e animación socio deportiva
CS Acondicionamento físico

IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL 17:00H.

- 19 CM Actividades comerciais
CM Comercialización de produtos alimentarios
CS Comercio internacional
CS Xestión de vendas e espazos comerciais
CS Transporte e loxística
CS Marketing e publicidade

IES URBANO LUGRÍS 16:15 H.

- 20 CM Instalacións de telecomunicacións
CS Sistemas de telecomunicación e informáticos
CS Automatización e robótica industrial
CS Sistemas electrotécnicos e automatizados
CS Mantemento electrónico
CM Instalacións eléctricas e automáticas
- 21 CM Mantemento electromecánico

EASD PABLO PICASSO 16:30 H.

- 22 CS Fotografía
CS Ilustración
- 23 CS Dourado, prateado e policromía
CS Escultura aplicada ao espectáculo
- 24 CS Taller cerámico I e II (modular)
CS Taller de madeira (modular)

CIFP ANXEL CASAL 17:30 H.

- 25 CS Dietética
CS Audioloxía protésica
- 26 CS Hixiene bucodental
CS Próteses dentais
CS Documentación e administración sanitaria
- 27 CS Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear
CS Radioterapia e dosimetría
- 28 CS Química e saúde ambiental
CS Anatomía patolóxica e citodiagnóstico
CS Laboratorio clínico e biomédico
- 29 CM Coidados auxiliares de enfermaría
CM Atención a persoas en situación de dependencia
CM Farmacia e parafarmacia
CM Emerxencias sanitarias
- 30 CS Animación sociocultural e turística
CS Educación infantil
CS Integración social
CS Promoción de igualdade de xénero
- 31 CS Mediación comunicativa

CIFP IMAXE E SON 17:30 H.

- 32 CS Iluminación, captación e tratamento de imaxe
CS Son para audiovisuais e espectáculos
CS Produción de audiovisuais e espectáculos
CS Realizacións de proxectos audiovisuais e espectáculos
- 33 CS Animacións 3D, xogos e contornos interactivos

CIFP PASEO DAS PONTES 18:00 H.

- 34 CS Patronaxe e moda
CM Confección e moda
CS Vestuario a medida e de espectáculo

E se che interesan os estudos universitarios?

As tres universidades públicas galegas e a UNED na Coruña dispoñen de **oficinas de información e asesoramento** onde ofrecen información sobre as características académicas dos estudos e a admisión nas titulacións oficias, así como das bolsas, axudas e premios aos que podes acceder, asociacionismo, residencias universitarias, etc.

Universidade da Coruña (UDC) www.udc.gal

Servizo de Estudiantes. Campus Coruña.

- 📍 Casa do Estudiantado. Campus de Elviña. 15071 - A Coruña
- 📞 Teléfono: 881 012 900 / 881 012 912 / 881 012 901 / 881 011 356 / 881 011 190 / 881 011 192

✉ E-correo: lerdcoruna@udc.gal

🕒 Horario de atención: de luns a venres, de 8:30 a 14:30 h.

Universidade de S. de Compostela (USC) www.usc.gal

Oficina de Información Universitaria (OIU). Campus Santiago.

- 📍 Pavillón Estudiantil, 2º andar. Campus Vida. 15782 - S. de Compostela

📞 Teléfono: 986 813 630 / 986 813 755

✉ E-correo: sie@uvigo.gal

🕒 Horario de atención: de luns a venres, de 9:00 a 14:00 h.

Universidade de Vigo (UVigo) www.uvigo.gal

Sección de Información ao Estudante (SIE). Campus Vigo.

- 📍 Edificio Redeiras. Praza do Berbés, 11. 36202 Vigo

📞 Teléfono: 986 813 630 / 986 813 755

✉ E-correo: sie@uvigo.gal

🕒 Horario de atención: de luns a venres, de 9:00 a 14:00 h.

Universidade Nacional de Educación a Distancia www.uned.es

Campus da Coruña. www.acoruna.uned.es - Secretaría

- 📍 Rúa Educación, 3- 1º andar. 15011 A Coruña

📞 Teléfono: 981 14 50 51

✉ E-correo: info@a-coruna.uned.es

🕒 Horario de atención: de luns a venres, de 9:00 a 13:00 e de 16:00 a 19:00 h.

A quen dirixirte se tes dúbidas sobre as XOAP?

Ao Departamento de Orientación do teu Centro de Estudos ou ao:

SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN

📞 Teléfono: 981 184 200. ext. 10179

✉ educacion@coruna.gal

🌐 www.coruna.gal/educacion

🕒 Horario: de luns a venres, de 9 a 14 h.

Programas de achegamento á Universidade

As tres universidades públicas galegas tamén teñen **programas de achegamento aos seus centros para centros de ensino secundario** (similares a estas Xornadas). Preguntá no Departamento de Orientación do teu centro se vai participar en algún deles:

Achégate á UDC

Inclúe: “Visita Facultades e Escolas”, “Visita os Centros de Investigación da UDC”, “Xornadas de Portas Abertas na UDC”, Programa “Entra no Futuro”- Charlas embaixadores UDC,...

www.udc.es/gl/futuros_estudiantes/orientadores/

Programa Ponte da USC
Encontros na USC (Lugo e Santiago)

www.usc.gal/gl/servizos/area/xestion-servizos-academicos/acceso-universidade/programa-ponte/encontros-usc-lugo-santiago

Encontros virtuais na Zona USC

www.usc.gal/gl/encontros-virtuais

Ven á UVigo

Visitas guiadas aos campus, Feiras de Orientación Universitaria (tamén na Coruña), Portas abertas, Xornada de Orientación Universitaria, Charlas informativas xerais e específicas,...

www.uvigo.gal/es/ven-uvigo/centros-secundaria/orientacion-academica

Se precisas máis información sobre o teu futuro académico e profesional

DIRÍXETE A:

REDE MUNICIPAL DE INFORMACIÓN XUVENIL

www.coruna.gal/informacionxjuvenil

Espazo de información Xuvenil
Fórum Metropolitano
981 184 294

📞 Telegram - Whatsapp:
606 362 366

Espazo de información Xuvenil
Naves do Metrosidero
981 189 895 ext. 10701 e 10702.

✉ cmix@coruna.gal

🕒 Horario:
LUNS A VENRES
de 10 a 14 e de 17 a 20 h.

Espazo de información Xuvenil
Centro Ágora
981 189 888 ext. 34324 e 34325

SÁBADOS
de 10 a 14 h.

O persoal da Rede Municipal de Información Xuvenil atenderá especialmente consultas sobre os estudos artísticos e de FP, así como estudos universitarios, bolsas, saídas profesionais e emprego xuvenil, durante as datas das XOAP... e tamén o resto do ano.

Luns 2 de marzo

FORUM METROPOLITANO 17:30H. 35 CHARLA SOBRE A FP BÁSICA

Do CIFP Paseo das Pontes:
Aloxamento e lavandaría
Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel
Tapizaría e cortinaxe

Do CIFP Somo:so:
Carpintaría e moble
Fabricación e montaxe
Mantemento de vehículos
Peiteado e estética
Reforma e mantemento de edificios

Do IES Fernando Wirtz:
Informática e comunicacións

Do IES Rosalía Mera
Artes gráficas
Carpintaría e moble



Concello da Coruña